

# SOPHIAS

## ***Chiscadelas de pensamento e igualdade***

*Serie web de ficción realizada pola Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega para divulgar a figura e as ideas de mulleres filósofas ao longo da historia.*

### **SINOPSE**

Marta e María son dúas compañeiras de traballo que nos seus encontros atopan sempre un motivo para filosofar sobre as ideas de mulleres que forman parte da historia do pensamento. Desde a Grecia clásica ata os nosos días, nestes sete capítulos abordan con humor, paixón e incluso misticismo as achegas de filósofas que pode que non estean nas conversas de corredor, pero que deberían.

### **PROXECTO**

As filósofas son as grandes esquecidas da historia do pensamento e deben de entrar a formar parte do currículo escolar. Esa reivindicación foi o punto de partida desde o que un grupo de profesoras e profesores de Filosofía comezaron a traballar no verán de 2021 para darlle forma á idea de facer contidos audiovisuais para introducir o pensamento das mulleres no ámbito escolar, pero non só aí. As ideas e contribucións desas filósofas merecen o recoñecemento e a transmisión nas aulas, mais tamén compartir os espazos da divulgación filosófica e da cultura popular.

E así naceu *Sophias*, un proxecto do Consello da Cultura Galega co apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia no que, a través dunha ficción divulgativa, se presenta unha escolma de autoras e dos temas e debates que abriron. Son mostra do seu xenio e capacidade para dialogar co contexto histórico e social, incluíndo o tema da exclusión das mulleres do espazo público e da creación de coñecemento. Hai moitas máis filósofas, pero escolléronse estas pola pegada do seu pensamento e pola súa actualidade para acompañar no proceso de pensar o presente. Fronte ao inmediato e á rapidez, é unha aposta polo repouso do diálogo. Pensar sempre é compartido.

### **PRODUCCIÓN**

A coordinación estivo a cargo de Carme Adán, membro do Pleno do Consello da Cultura Galega, e contou coas achegas de Celia Pereira Porto, África López Souto, Zeltia Laya, Iolanda Martínez, Manuel Torres, Jorge Álvarez e María del Toro como creadores do contido. O proxecto realizouse para ser presentado no II Festival de Filosofía de Galicia, realizado en Santiago de Compostela e Ourense en setembro de 2022.

Cristina de la Torre colaborou na redacción dos guións e dirixiu e editou as pezas. Marta Pérez e María Roja son as actrices protagonistas. A dirección de fotografía é de Pío Cribeiro e o son estivo a cargo de Eloy Táboas. Foi gravado no Consello da Cultura Galega no verán de 2022.

### **DETALLES**

**Título:** *Sophias*

**Xénero:** Ficción

**Capítulos:** 7

**Duración:** 5 minutos cada capítulo

**Idioma:** Galego

**Intérpretes:** Marta Pérez e María Roja

**Produción executiva:** Carme Adán

**Guións:** Cristina de la Torre, Carme Adán, Iolanda Martínez, Manuel Torres, Jorge Álvarez, María del Toro, Celia Pereira, Zeltia Laya, África López Souto

**Dirección e montaxe:** Cristina de la Torre

**Fotografía:** Pío Cribeiro

**Son:** Eloy Táboas

**Produción:** Consello da Cultura Galega co apoio da Xunta de Galicia e do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

**Ano:** 2022

### **CAPÍTULO 01. «Póker de sabias»**

Existen as mulleres na historia do pensamento occidental? Existen, pero xa se sabe que quen reparte... En «Póker de sabias» repasamos algunhas das figuras da filosofía da época antiga e medieval, como Aspasia de Mileto, Safo de Lesbos, Hipatia ou Hildegarda de Bingen.

### **CAPÍTULO 02. «Iluminadas»**

Na revolución de pensamento que supuxo a Ilustración existiron voces que reivindicaban que a muller fose tida en conta como suxeito social e incorporada en igualdade á nova orde social. E non, non foron Rousseau ou Kant, referentes deste Século das Luces, senón pensadoras como Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges.

### **CAPÍTULO 03. «A filósofa do sacho»**

Pensadora e activista, Simone Weil faleceu cando tiña só 34 anos, deixando atrás unha obra extensa e profunda marcada pola revisión do marxismo e a mística. Pensaba dende a palabra pero tamén dende a acción, inspirada polas súas experiencias como obreira e membro da resistencia antifascista. Unha filósofa complexa da que queda moito por descubrir.

### **CAPÍTULO 04. «Movendo os marcos»**

Recoñecería hoxe en día Simone de Beauvoir o segundo sexo en igualdade de condicións? Que pensaría dos avances na igualdade? E dos debates entre tendencias do feminismo? Dous cafés, un sofá e unha aplicación de citas serven ás nosas protagonistas para reflexionar sobre o legado da pensadora feminista máis coñecida da historia.

### **CAPÍTULO 05. «Hannah»**

Un soliloquio introdúcenos no pensamento de Hannah Arendt, filósofa do século XX que reflexionou sobre a deriva social cara aos totalitarismos. Para ela, é o que facemos o que nos converte no que somos. E si, podemos deixarnos levar como nun ascensor, piso arriba e abaixo, pero a verdadeira liberdade está na acción e na busca de acordo... se o traballo nos deixa tempo, claro.

### **CAPÍTULO 06. «Cigarrón Butler»**

Un xogo de capas narrativas e visuais con parada e fonda no Entroido galego. Esa é a proposta deste capítulo, no que se repasan as ideas de Judith Butler respecto á identidade sexual e os tipos de violencia, dous dos temas abordados por esta pensadora e activista contemporánea.

### **CAPÍTULO 07. «Cancelo Agra»**

María Xosé Agra é a muller máis importante da filosofía galega. E non só polas achegas do seu pensamento, centrado na idea de xustiza e igualdade; tamén polo seu labor na documentación, investigación e divulgación dos movementos feministas e de diversidade de xénero en Galicia. Con ela pechamos esta serie de capítulos sobre mulleres filósofas.